

## PROBA DE ACCESO A: 2º DE GRAO ELEMENTAL de PERCUSIÓN

As probas de acceso a outros cursos (2º, 3º e 4º GE) realizaranse cunhas características comúns. Deberán interpretar 3 pezas: dúas a elección polo alumno (unha de marimba ou xilófono e outra de multipercusión, nesta última dando liberdade ao alumno/a para interpretar timbais, batería ou set-up) e unha de caixa de lectura a 1ª vista.

O alumnado deberá presentar fotocopias do material a interpretar para o profesor, así como deberá preparar o instrumental e baquetas necesario para a proba.

### Contidos

- Maior coñecemento dos instrumentos, baquetas a utilizar e uso das mesmas.
- Agarre básico (caixa, láminas, timbal) colocación diante dos instrumentos, execución sobre os mesmos, zonas de mallo, pivote, etc.
- Coordinación e desenvolvemento das diferentes figuras rítmicas de acordo co nivel e no departamento de L. M.
- Traballo das dinámicas nos instrumentos básicos, (f, mf, p), anacruses, dixitacións, apagado básico no timbal, zonas de execución, movemento das baquetas, adecuación da técnica á dinámica, traballo das polirrítmias na batería e dominio das tonalidades de ata unha alteración.
- A lectura a primeira vista e improvisación.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Interpretar un repertorio solista adecuado ao nivel.
- Demostrar unha soltura e control técnico nos principais instrumentos da familia da percusión: caixa, láminas, timbais, batería e multipercusión.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva para obter o mellor son de cada un dos instrumentos.

### ORIENTACIÓN DE OBRAS

#### Caixa:

“Primary Handbook for snare drum”, G. Whaley. Leccións da 12 á 28.

“Fundamental Studies for snare drum”, G. Whaley. Leccións da 27 á 38.

“Elementary snare drum studies”, M. Peters. Leccións da 24 á 36.

“Podemsky standard snare drum method” B. Podemsky. Lección da 6 á 10.

#### Timbales:

“Primary hand-book for timpani”, G. Whaley. Leccións da 13 á 21.

“Fundamenta studies for timpani”, G. Whaley. Leccións da 14 á 28.

“Timbales 1”, X. Joaquin. Leccións da 20 á 30. Láminas: (2 BAQUETAS)

“Primary handbook for mallets”, G. Whaley. Leccións da 6 á 12.

Fundamental studies for mallets G. Whaley. Leccións da 12 á fin da primeira sección.

#### Multipercusión:

“Multi-pick rhythm studies for drums”, R Delp. Leccións da 8 á 13.

“Multiple percussion music”, S. Feldstein. Leccións da 7 á 11.

“Estudios progresivos para multipercusión”, S. Pelejero. Leccións da 15 á 21

Pontevedra, 8 de xullo de 2019

#### **IMPORTANTE:**

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.